

ADAPTACIÓN DE TEMPO E MEDIOS

COMO SOLICITALA NAS OPOSICIÓN

Inscrición nas oposicións

Na inscrición electrónica ó proceso, unha vez **marcada a opción de quenda de discapacidade**, teremos a opción de **enumerar as medidas** que nós consideremos necesarias que nos sexan aplicadas. Olo, porque a extensión non pode superar os **250 caracteres**, polo que hai que ser claro e conciso.

Resolución da adaptación

Unha vez saian publicadas as listaxes **definitivas** de aspirantes admitidos, as persoas que solicitaron adaptación de tempo e/ou medios recibirán unha **notificación** mediante o Sistema de Notificacións de Galicia na que poderán descargar un documento no que figuran as medidas que se concederon.

Interpoñer un recurso de alzada

No caso de **non estar conforme** ca resolución, poderase interpoñer un recurso na **sede electrónica** mediante unha **solicitud xenérica** (código PR004A), na que deberemos completar os nosos datos e indicar que presentamos un recurso de alzada contra a resolución de adaptación de tempo e/ou medios solicitada no procedemento selectivo. No destinatario deberase indicar a "Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos".

No caso de interpoñer este recurso, será preciso anexar o **diagnóstico ou avaliación médica** correspondente que o xustifique.

O día do exame

Á hora de realizar a proba é conveniente **levar impreso** o documento ou documentos cas nosas adaptacións e os recursos que as modifiquen, xa que é posible que **o tribunal non saiba** ou **recorde** exactamente cales son as medidas.